



**COMPOSTELA  
A ESTRELA  
DO NADAL**

**— PROGRAMA —**

**Programa Nadal 2023**  
**Santiago de Compostela**  
**#CompostelaEstrelaDoNadal** ✨

**Edición:** Concello de Santiago  
**Deseño e maquetación:** Igráfica

**Enderezos de interese:**

**Teatro Principal**

Rúa Nova, 21  
981 542 347 (oficina) / 981 542 349 (billetes)  
Correo electrónico:  
teatroprincipal@santiagodecompostela.gal

**Auditorio de Galicia**

Avda. do Burgo das Nacións, s/n  
Teléfono: 981 552 290

**Zona C. Punto de Información Cultural**

Preguntoiro, nº 1 (Praza de Cervantes)  
De martes a sábado, de 11 a 14 e de 16 a 19 h  
Teléfono: 981 542 462

**Turismo de Santiago de Compostela**

Rúa do Vilar, 63. Teléfono: 981 555 129  
Correo electrónico: info@santiagoturismo.com

**Espazo Apego**

Rúa da República do Salvador, 12 - entresollado  
Teléfono: 981 542 40

**En Internet:**

🌐 santiago decompostela.gal  
✖ @PazodeRaxoi  
📘 concellodesantiago

🌐 santiago turismo.com  
✖ @santiagoturismo  
📘 TurismodeSantiago  
📷 @santiagoturismo

🌐 compostelacultura.gal  
✖ @CCultura  
📘 CompostelaCultura  
📷 @comstelacultura

🌐 comerciolocalsantiago.gal  
✖ @ComercioStgo  
📘 ComercioSantiago  
📷 comerciostgo

🌐 delingua.santiago decompostela.gal



Compostela é a estrela do Nadal e por iso desde o Concello de Santiago queremos celebrar estas festas, e esta época do ano, tal e como se merecen. Neste sentido, o programa deste Nadal 2023 conta con moitas novidades e moitas propostas para todos os públicos, para compartilas en familia ou coas nosas amizades. Unha ampla mostra de actividades para as crianzas, para a xuventude, para a dinamización comercial e en xeral para toda a veciñanza, así como para quen nos visita nestas datas de tanta ilusión.

Unha proposta festiva con moitas actividades, moita luz, moita ilusión e, sobre todo, moitas estrelas. Porque nestas datas faremos ver, sentir, gozar e brillar a nosa propia estrela: a estrela de 8 puntas de Santiago. Un símbolo da nosa identidade colectiva que leva acompañándonos na nosa historia dende os seus inicios, chegando ata os nosos días, e adquirindo agora un importante protagonismo tamén no Nadal.

As próximas semanas estarán cheas de novidades: espazos de xogos na Alameda, atraccións, concertos e actividades na carpa da praza Roxa; o xardín das 8 puntas, que achegará sorpresas agochadas nos barrios de Santiago; ou estrelas e desexos, cunha quedada aberta para despedir o ano cos mellores desexos plasmados na nosa estrela.

Tampouco se esquecerán as tradicións de cada ano: o Mercado de Nadal, o belén de San Fiz, o Mercado da Estrela, a Festa do Apego, a ruada do Ápalpador, os centros socioculturais repletos de obradoiros e espectáculos, unha nova edición da Carreira de San Silvestre, a festa de Fin de Ano ou a tradicional Cabalgata de Reis.

Tradicións e novidades súmanse para facer do Nadal de Compostela un Nadal único. Compostela é a estrela do Nadal e quere desexarlles a todas as persoas que a habitan e a todas as que nos visitan unhas moi boas festas e un feliz 2024!

Compostela, a estrela do Nadal.

**BOAS FESTAS  
E FELIZ 2024!**



# DURANTE TODO O NADAL

## \* NADAL NA PRAZA ROXA

>> A partir do 1 de decembro

Concertos, obradoiros, espectáculos, sorteos... de todo pode acontecer na praza Roxa este Nadal! Ademais das atraccións: mininoria luminosa, mininoria de madeira e percorrido en tren.

>> **Horarios das atraccións:**

- Do 6 ao 10 de decembro e do 22 decembro ao 7 de xaneiro de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h.

- O 24 e 31 de decembro, só horario de mañá.

- Pechado o 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.

- Fóra do período vacacional (do 11 ao 21 de decembro): De luns a xoves, de 18.00h a 20.00 h.

Venres pola tarde, sábados domingos e festivos de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h.

>> **Público familiar**

>> **De balde ata completar capacidade**

## \* CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL

>> Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

Os establecementos que o desexen poderán presentar os seus escaparates decorados con motivos de Nadal a esta nova edición do Concurso de Escaparates e optar por un dos seis premios económicos.

>> **Máis info:** [santiagodecompostela.gal](http://santiagodecompostela.gal)

## \* ALAMEDA EN XOGO

>> A partir do 22 de decembro

Espazo dedicado integramente á cativada: parede de escalada, pista de xeo ecolóxica, xogos en familia e unha chea de actividades máis estarán en activo dende o 22 de decembro como alternativa de lecer acubillo nun espazo construído no paseo central da Alameda.

>> **Horario:**

- Aberto todos os días de 11.00 a 14.00 h e de 17.00 a 20.30 h.

- O 24 e 31 de decembro, só horario de mañá.

- Pechado o 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.

>> **Público familiar**

>> **De balde ata completar capacidade**

## \* AGASALLO VIAXEIRO NOS CSC

>> Do 1 ao 22 de decembro

Dinámica de intercambio en que a cativada dos centros participantes realizarán un pequeno agasallo para que este chegue a outro neno ou nena doutro centro. Con posterioridade haberá un xogo en cada centro para realizar o intercambio do agasallo.

>> **Consulta o horario na páxina 33**

>> **Público infantil**

>> **Máis info e inscricións nos CSC**

## \* MERCADO DE NADAL

>> **Carreira do Conde: Do 1 decembro ao 5 de xaneiro** (obradoiros no espazo infantil).

>> **Área Central: Do 26 de decembro ao 5 de xaneiro.**

Mercado de produtos de Nadal onde se poderán atopar postos de gastronomía gourmet e decoración propia da época, artesanía, deseño e agasallo orixinal. O Mercado de Nadal da Carreira do Conde dispón dun espazo infantil con diferentes obradoiros para a cativada.

>> **Horario:**

- Aberto todos os días de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.30 h.

- O 24 e 31 de decembro, só horario de mañá.

- Pechado o 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.

>> **Consulta o programa na páxina 13**

>> **Máis info:** [mercadodenadal.com](http://mercadodenadal.com)

## PERCORRIDOS

### \* O XARDÍN DAS 8 PUNTAS

>> Do 1 de decembro ao 7 de xaneiro

Un percorrido por nove espazos do concello, nove xardíns de Nadal, nove fotocoles agochados en que capturar e compartir a tradición do «bico no visgo». Xardíns onde facer protagonista a estrela do Nadal, a luz e a experiencia da natureza agochada en cada unha das súas puntas.

>> **Localizacións:**

O Obradoiro, Vista Alegre, San Roque, San Pedro, As Fontiñas, Sar, O Castiñeiriño, Conxo e Santa Marta.

#BicoNoVisgo

#XardínDasOitoPuntas

### \* BELÉNS COMPOSTELÁNS

>> Do 1 de decembro ao 7 de xaneiro

Nacementos de gran formato que poder visitar durante o Nadal de Compostela. Tradicionais, familiares, surrealistas, en igrexas, claustros ou centros comerciais.

>> **Máis info:** [santiagoturismo.com](http://santiagoturismo.com)

## ★ LUCES E VOCES DA ALAMEDA

>> Do 1 de decembro ao 7 de xaneiro, a partir das 18.00 h

As personaxes senlleiras e outros fitos da historia de Santiago e Galicia presentes na Alameda brillarán máis ca nunca. Un itinerario para descubrirlas todas, aquelas que levan décadas con nós e as de máis recente incorporación, mentres gozar dun fermoso paseo co caer do día.

>> **Máis info:** [santiagoturismo.com](http://santiagoturismo.com)

## ★ COMPOSTELA EN LUZ

>> Do 1 de decembro ao 7 de xaneiro, a partir das 18.00 h

Camiñar e vivir a cidade transformada, nos puntos destacados con instalacións e decoracións luminosas, convértese nunha experiencia e nun xeito especial de ver e sentir Compostela no Nadal. Elementos luminosos na praza do Obradoiro e na praza Roxa, proxeccións na Alameda e en Bonaval; e a novidade deste ano, instalacións luminosas Slowlight na Praza de Abastos e Porta Faxeira.

>> **Máis info na páxina 23**

# ATOPA A TÚA ACTIVIDADE!

Todo o que sucede no concello está neste programa. As actividades divídense en tres categorías:



EN RUTA

Mercados, percorridos e visitas do Nadal



EN ESCENA

Música, teatro e circo



EN CREACIÓN

Xogos e obradoiros (adulto e infantil)





**PREME PARA ACCEDER  
AOS CONTIDOS**



**SEMANA 1**

**DO 1 AO 3 DE DECEMBRO**

**SEMANA 2**

**DO 4 AO 10 DE DECEMBRO**

**SEMANA 3**

**DO 11 AO 17 DE DECEMBRO**

**SEMANA 4**

**DO 18 AO 24 DE DECEMBRO**

**SEMANA 5**

**DO 25 AO 31 DE DECEMBRO**

**SEMANA 6**

**DO 1 AO 7 DE XANEIRO**



**SAÚDOS**

**DURANTE TODO O NADAL**

**XARDÍNS 8 PUNTAS**

**MERCADO DE NADAL**

**COMPOSTELA EN LUZ**

**AGASALLO VIAXEIRO**

**APEGO**

**MERCADO DA ESTRELA**





**SEMANA 1**

**DO 1 AO 3  
DE DECEMBRO**



## VENRES 1

### De 17.00 a 19.30 h. Obradoiro de bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC Cardeal Quiroga
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro facendo farrapos de neve

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

### Acendido de luces

Evento de música e de luz que percorrerá diferentes puntos da cidade para darlle a benvinda ao Nadal.

18.30 h Praza do Obradoiro

19.00 h Porta Faxeira

19.30 h Mercado de Nadal Carreira do Conde

20.00 h Carpa Roxa

### 20.00 h. S\*n Xove. Concertos de bandas do Centro Xove da Almáciga

20.00 h: Liskadakí (rock, punk) é o berro de Belén, Alicia, Yas, Lidia e Paula, reunidas para facer todo o barullo posible!

21.00 h: Killo Karallo (rock, punk) é unha banda compostelá de mestura funk-rock con aires flamencos que se combinan nun estilo único.

- Carpa Roxa
- De balde ata completar capacidade

## SÁBADO 2

### De 12.00 h a 13.30 h. Obradoiro facendo grilandas de Nadal

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

### 13.00 h. S\*n vermú: Espiño

Espiño ofrece nos seus concertos unha entrega total, con enerxía e forza melódica, onde todo xira arredor de distintas vertentes do pop coma a psiquedelia, o folk-rock e o rock sinfónico e progresivo, pasando de cancións de menos de dous minutos a longas e evocadoras pasaxes instrumentais.

- Carpa Roxa
- De balde ata completar capacidade

### 17.30 h. Brinca vai! de Paco Nogueiras

Unha divertida viaxe chea de humor, bailes e cancións. A oportunidade de brincar e pasalo ben cos amigos e coas amigas nun particular camiño onde a música soa con forma de sorriso.

- Público infantil
- CSC San Lourenzo
- De balde
- Info de acceso no CSC



### 18.00 h. Pulcinella da Real Filharmonica de Galicia

Que triste está Pulcinella! Perdeu a súa máscara e non a atopa... Pasou un martes de Entroido de 1572, no día grande de Nápoles, no que estaba convidado a acudir a un baile! Pero non pode permitir que ninguén o recoñeza e, xunto con Colombina, correrán mil e unha aventuras ata atopar a máscara coa que pode disfrazarse e ir á festa á que foi invitado!

Javier Fajardo, director; Malu Balado, guión e dirección artística; Rodrigo Rodríguez, narrador; Marta Placer, bailarina

- Concerto familiar
- Auditorio de Galicia
- Máis info e entradas: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

### De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Caixas de caramelos

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

### De 18.30 a 19.15 h. Visita da Apalpadora Polo Nadal

visitán diferentes personaxes, que a través de diferentes dinámicas achegan a un Nadal inclusivo onde teñen o seu oco todas as culturas.

- Público familiar
- CSC O Castiñeiriño



- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

 **19.00 h. Actuación: O Apalpador e a nena sen medo, de María Ortiz**

Obra baseada no poema de Séchu Sende A nena sen medo. Palabras en galego! Iso é o que lle pide a nena sen medo ao Apalpador nunha carta moi especial, porque lle faltaban todas esas palabras coas que encher o corazón e coas que poder voar en soños. Unhas palabras para usar, gozar e compartir.

- Público familiar
- CSC O Castiñeiriño
- De balde
- Info de acceso no CSC

 **20.30 h. Actuación: Veus que no veus, de Cia. Pepa Plana**

A compañía de Pepa Plana sempre reivindicou a figura da pallasa e agora presenta os números circenses máis clásicos. Trátase de rir? Si, pero non só diso, senón de falar, xogar e, quizais, morder.

- Público maior de 10 anos
- Teatro Principal
- Máis info e entradas: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

centenares de quilómetros cos seus carros cargados de maletas e baúis. Ninguén sabe de onde veñen, pero contan que entre os seus membros están algúns dos máis virtuosos artistas do espectáculo.

- Todos os públicos
- Auditorio de Galicia
- Máis info e entradas: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

## DOMINGO 3

 **12.00 h. Actuación: French open da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela**

O prestixioso mestre holandés Alex Schillings propón un interesante programa confeccionado con un espectro exquisito de música francesa.

- Teatro Principal
- Máis info e entradas: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

 **De 12.00 a 13.30 h. Obradoiro: Facendo campás dos desexos**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

 **De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Adorno con forma de lambetada**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

 **18.30 h. Actuación: Ambulant, de La Fam Produccións**

Un pequeno e pintoresco circo acaba de chegar á cidade despois de percorrer





## **SEMANA 2**

**DO 4 AO 10  
DE DECEMBRO**



## LUNS 4

- De 17.30 a 20.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal
  - Público adulto
  - CSC Antón Fraguas
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC

## MARTES 5

- De 17.00 a 19.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal
  - Público adulto
  - CSC As Cancelas
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC
- De 18.00 a 19.15 h. Obradoiro: Cociña infantil
  - Público infantil (maiores de 6 anos)
  - CSC Marantes
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC
- De 19.00 a 21.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal
  - Público adulto
  - CSC Vite
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC

## MÉRCORES 6

- De 18.00 a 20.30 h. Obradoiro: Menú de Nadal
  - Público adulto
  - CSC Grixoa
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC
- De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Pinza de boneco de neve
  - Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
  - Espazo infantil do Mercado de Nadal
  - De balde ata completar capacidade

## XOVES 7

- De 12.00 a 12.35 h. Contacontos Christmas Storytime: The elf's inventions

Santa está moi ocupado e por iso, un dos seus elfos, Duster, inventa dúas máquinas para botarlle unha man: o Freezifier e o Bad-o-meter.

  - Actividade en inglés
  - Público familiar (a partir de 3 anos)
  - Carpa Roxa
  - De balde ata completar capacidade

- De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Gnomiño de macramé
  - Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
  - Espazo infantil do Mercado de Nadal
  - De balde ata completar capacidade

## VENRES 8

- De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Tarxeta de Nadal divertida
  - Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
  - Espazo infantil do Mercado de Nadal
  - De balde ata completar capacidade
- 20.00 h. S\*n Xove. Concertos de bandas do Centro Xove da Almáciga
  - 20.00 h Abella (música de autor, gothic glam) Abella é Pedro para os amigos. Comezou a tocar e compoñer hai 3 anos e faille moita ilusión poder compartir todas as ideas que ten na cabeza en forma de música.



- 21.00 h Filloas (hiperpop, electrónica, urbano). A súa música é un reflexo da súa vida e das súas experiencias abordando os seus sentimentos máis profundos, pero buscando sacarche un sorriso e intentando transmitir unha mensaxe positiva.
  - Carpa Roxa
  - De balde ata completar capacidade

## SÁBADO 9

- De 11.00 a 11.45 h. A lenda da Apalpadora
  - Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.
  - Público familiar
  - CSC As Cancelas
  - De balde ata completar capacidade
  - Máis info no propio CSC

**11.00 e 11.30 h. Visita guiada ao Belén participativo da igrexa de San Fiz**  
Visitas comentadas para percorrer o belén que amosa os diferentes equipamentos socioculturais do Concello

- Todos os públicos
- Igrexa de San Fiz
- De balde ata completar capacidade
- Entrada por orde de chegada 5 minutos antes da hora da visita no propio espazo.

**De 12.00 a 13.30 h. Obradoiro: Figuras de Nadal bailadoras**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

**13.00 h. S\*n vermú: Sheila Patricia**

En tempos onde a folktrónica chegou a un público masivo, hai que sinalar a Sheila Patricia como unha pioneira deste xénero. O seu canto tradicional demostra a riqueza do son galego que mestura con diversas formas de música electrónica, desde sofisticadas bases minimalistas ata explosións polirítmicas ultramodernas de son.

- Carpa Roxa
- De balde ata completar capacidade



**De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Unha árbore de Nadal diferente**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

**DOMINGO 10** ★★★★★★


**De 12.00 a 13.30 h. Obradorio: Adornos con nomes**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)

- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

**De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Anxos con cortizas**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade



# MERCADO DE NADAL

## OBRADOIROS E XOGOS NO ESPAZO INFANTIL DE CARREIRA DO CONDE



### VENRES 1

18.00 h Facendo farrapos de neve

### SÁBADO 2

12.00 h Facendo grilandas de Nadal

18.00 h Caixas de caramelos

### DOMINGO 3

12.00 h Facendo campás dos desexos

18.00 h Adorno con forma de lambetada

### MÉRCORES 6

18.00 h Pinza de boneco de neve

### XOVES 7

18.00 h Gnomiño de macramé

### VENRES 8

18.00 h Tarxeta de Nadal divertida

### SÁBADO 9

12.00 h Figuras de Nadal bailadoras

18.00 h Unha árbore de Nadal diferente

### DOMINGO 10

12.00 h Adornos con nomes

18.00 h Anxos con cortizas

### VENRES 15

18.00 h Facendo caixas de panos de mesa para o Nadal

### SÁBADO 16

12.00 h Figuras de neve

18.00 h Un reno divertido!

### DOMINGO 17

12.00 h Bólas de unicornios ou bonecos de neve

18.00 h Xogando co Nadal

### VENRES 22

18.00 h Boneco de neve con corda

### SÁBADO 23

12.00 h Facendo caixiñas de agasallos

18.00 h Na procura da estrela do Nadal

### DOMINGO 24

12.00 h Enféitate para a cea de Noiteboa

### MARTES 26

18.00 h Arts&Crafts (actividade en inglés)

Boneco de neve disparador

### MÉRCORES 27

18.00 h Bólas de Nadal comestibles

### XOVES 28

18.00 h Bandexas decoradas de Nadal

### VENRES 29

18.00 h Adornos con pasta fría

### SÁBADO 30

12.00 h Facendo aperitivos de Nadal

18.00 h Gorros de Nadal con nome

### DOMINGO 31

12.00 h Facendo maquillaxe para Fin de Ano

### MARTES 2

18.00 h Creando luces de Nadal

### MÉRCORES 3

18.00 h Candeas para alumar a Noite de Reis

### XOVES 4

18.00 h Elabora a túa inicial para que os Reis Magos deixen os agasallos



## **SEMANA 3**

**DO 11 AO 17  
DE DECEMBRO**



## LUNS 11

### De 17.00 a 19.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC Pontepedriña
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.30 a 21.00 h. Obradoiro: Coroas de Nadal

- Público adulto
- CSC San Xulián de Carballal
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 19.30 a 22.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC O Ensanche
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

## MARTES 12

### De 17.00 a 19.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC A Rocha
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 17.45 a 18.30 h. A lenda da Apalpadora

#### Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora

- Público familiar
- CSC Bando
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

### De 18.00 a 19.15 h. Obradoiro: Cociña infantil

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC O Castiñeiriño
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.00 a 19.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal

- Público adulto
- CSC Cardeal Quiroga
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.00 a 20.30 h. Obradoiro: Coroas de Nadal

- Público adulto
- CSC A Gracia
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.30 a 19.30 h. Obradoiro: Baile tradicional

Obradoiros de baile galego, empregando pezas específicas da música tradicional galega frecuente nestas datas.

- Todos os públicos
- Carpa Roxa
- De balde. Acceso por orden de chegada ás primeiras 20 persoas
- Máis información no CSC do Ensanche

### De 19.00 a 21.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC Casa Agraria
- De balde.
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 19.00 a 21.30 h. Obradoiro: Menú de Nadal

- Público adulto
- CSC Vite
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

## MÉRCORES 13

### De 10.00 a 10.40 h. Gravación dos microeventos de Compostela Somos Cultura: Gloria Pavía

Gravación de pequenas pezas para a nova edición da campaña *Compostela Somos Cultura*. Nesta ocasión a cantante, compositora, baixista e ilustradora Gloria Pavía, amosará as músicas do seu recente debut discográfico: *Novas Flores*.

- Para todos os públicos
- Librería Kómic
- De balde ata completar a capacidade reducida

### De 11.00 a 12.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal

- Público adulto
- CSC O Castiñeiriño
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 16.30 a 19.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC Sta Cristina de Fecha
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 17.00 a 17.40 h. Gravación dos microeventos de Compostela Somos Cultura: Adoptados en Compostela, de Camilo Franco

Gravación de pequenas pezas para a nova edición da campaña *Compostela Somos*

*Cultura.* Nesta ocasión Camilo Franco conduce unha conversa entre autores e autoras que viñeron para o concello desde outras localidades, preto e lonxe, e acabaron por ser influídos pola capacidade cultural de Santiago e como eles e elas influíron, á súa vez, nela.

- Para todos os públicos
- Fundación Granell
- De balde ata completar a capacidade reducida

 **De 18.00 a 19.15 h. Obradoiro: Cociña infantil**

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC Amio
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 18.00 a 20.30 h. Obradoiro: Coroas de Nadal**

- Público adulto
- CSC Brañas de Andrés
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 18.30 a 21.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**

- Público adulto
- CSC O Romáño
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**XOVES 14** 

 **10.00 a 14.00 h. E de 17.00 a 21.00 h. Exposición Pequeno Mercado de Nadal**

- Mostra dos traballos realizados no taller de terapia ocupacional do Psiquiátrico de Conxo
- CSC Conxo
  - De balde ata completar capacidade

 **De 16.30 a 18.00 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal**

- Público adulto
- CSC Verdía
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 17.00 a 17.45 h. A lenda da Apalpadora**

 **Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.**

- Público familiar
- CSC A Lavacolla
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

 **De 17 a 19.30 h. Obradoiro: Coroas de Nadal**

- Público adulto

- CSC Sar
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 18.00 a 19.15 h. Obradoiro: Cociña infantil**

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC A Peregrina
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Sombriros divertidos**

- Público familiar
- CSC Pontepedriña
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 18.00 a 20.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**

- Público adulto
- CSC Bando
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC


 **18.00 h. Arrolar, da Fundación Legar**

Sesión de arrolos e cantigas de berce en combinación de movementos acompañados, percusión corporal e instrumentos musicais de raíz.

- Público infantil (bebés de 0 a 3 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo Apego
- De balde
- [Formulario de inscrición aquí](#)

 **De 19.30 a 21.00 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal**

- Público adulto
- CSC A Almáciga
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC



 **20.30 h. Actuación: Exsultate jubilate, da Real Filharmónica de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave e coa soprano Carmen Buendía.**

O presente e o pasado danse a man neste programa con obras contemporáneas e do gran repertorio: Saturnal de Manuel Balboa, Lúa descolorida de Osvaldo Golijov, Exsultate Jubilate de Wolfgang Amadeus Mozart, Sinfonía núm. 6 D.589, en Do Maior de K.165 (158a) e Franz Schubert.


- Auditorio de Galicia
- Máis info e entradas: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)




## VENRES 15

-  **Desde as 14.00 h. Mercado da Estrela**
  - Consulta programación na páxina 44
-  **De 10.00 a 14.00 h. E de 17.00 a 21.00 h. Exposición Pequeno Mercado de Nadal**




Mostra dos traballos realizados no taller de terapia ocupacional do Psiquiátrico de Conxo

  - CSC Conxo
  - De balde ata completar capacidade
-  **De 12.00 a 12.40 h. Gravación dos microeventos de Compostela Somos Cultura: Lorena Cao**



Gravación de pequenas pezas para a nova edición da campaña *Compostela Somos Cultura*. Nesta ocasión a fotógrafa Lorena Cao montará o seu estudo de retratos fotográficos na Librería San Pablo e retratará a xente interesada e espontánea que por alí pase.

  - Para todos os públicos
  - Librería San Pablo
  - De balde ata completar a capacidade reducida
-  **De 17.30 a 18.30h. Obradoiro: Cartas ao Apalpador**

Séchu Sende presentará a figura do Apalpador, do Courel e do seu mundo. Ensinará como comunicarse con el e a súa canción.

  - Público infantil (de 3 a 10 anos, cativada menor de 5 co acompañamento dunha persoa adulta)
  - CSC Sta Marta
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC
-  **De 17.30 a 18.45 h. Obradoiro: Cociña Infantil**
  - Público infantil (maiores de 6 anos)
  - CSC Vilvestro
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC
-  **De 17.30 a 20.00 h. Obradoiro: Coroas de Nadal**
  - Público adulto
  - CSC A Peregrina
  - De balde
  - Máis info e inscrición no propio CSC
-  **De 17.30 a 20.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**
  - Público adulto
  - CSC Marrozos


- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

-  **De 18.00 a 20.00 hh. Obradoiro: Caixas de panos de mesa para o Nadal**
  - Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
  - Espazo infantil do Mercado de Nadal
  - De balde ata completar capacidade
-  **18 h. Actuación: Máis Ritmo, de Trío Detrés**


Que acontece cando parte da banda chega tarde e despistada ao lugar do concerto? Unha sucesión de situacións cheas de humor, de improvisación, de solucións disparatadas, pero sempre acompañadas pola mellor música. Unha nova produción con ritmo, máis ritmo, que fará gozar, bailar e rir ao público.

  - Público familiar
  - CSC O Romáño
  - De balde
  - Info de acceso no CSC



-  **18.00 h. Actuación: A Apalpadora, de Iseo a Moura**

A Apalpadora é unha muller namorada da montaña. Unha carboeira forte, acostumada a vivir soa e valerse por si mesma. Pero cada ano precisa atopar o camiño que une a montaña coa xente. É por iso que no Nadal baixa a agasallar cariño e caloríña en forma de castañas e carbón.

  - Público infantil
  - CSC Busto
  - De balde
  - Info de acceso no CSC
-  **18.00 h. Actuación: Magic Mateo Show**

Espectáculo de maxia que busca tocar todas as ramas da arte do ilusionismo. Mestura maxia, humor e participación do público. Un espectáculo para gozar en familia e pasar momentos cheos de ilusión da man dun dos

ilusionistas máis novos do panorama máximo galego.

- Público familiar
- CSC do Ensanche
- De balde. Info de acceso no CSC

**De 18.00 a 18.45 h. A lenda da Apalpadora**

Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.

- Público familiar
- CSC Antón Fraguas
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

**De 18.30 a 19.15 h. Visita da Paxe de Nadal**  
Polo Nadal visitan diferentes personaxes, que a través de diferentes dinámicas achegan a un Nadal inclusivo onde teñen o seu oco **todas as culturas.**

- Público familiar
- CSC Pontepedriña
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

**De 18.30 a 20.30 h. Obradoiro: Sombreiro divertidos**

- Obradoiro familiar
- CSC Santa Marta
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 19.00 a 19.40 h. Gravación dos microeventos de Compostela Somos Cultura: Salvador, de Borja Fernández.**

Gravación de pequenas pezas para a nova edición da campaña *Compostela Somos Cultura*. Nesta ocasión cóntase a historia de Benito Fernández e a súa fuxida e desaparición no Brasil nos anos da década de 1960. Entre os libros de Cronopios e palmeiras proxectadas, Borja e Laura guiarannos pola ruta que vai desde Salcedo, a catro quilómetros ao sur da cidade de Pontevedra, ata Ilhéus, 400 quilómetros ao sur de Salvador de Bahía.

- Para todos os públicos
- Librería Cronopios
- De balde ata completar a capacidade reducida

**De 19.30 a 20.45 h. Obradoiro: Cociña infantil**

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC Vite
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 19.30 a 20.10 h. Obradoiro: Creación de bólas de neve**

Faranse bólas caseiras de neve con enfeites personalizados e motivos propios do Nadal galego. Idea para engalanar ou agasallar.

- Público infantil (idades recomendadas de 6 a 15 anos)
- CSC da Pontepedriña
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 19.30 a 21.30 h. Actuación: XI Concerto Nadal Solidario**

As corais Asubío, Santa Susana e Herminia Gómez ofrecen un concerto benéfico a favor da cociña económica e do albergue de San Francisco.

- Para todos os públicos
- Capela das Ánimas
- De balde, con doazón voluntaria ata completar capacidade

**20.00 h. S\*n Xove. Concertos de bandas do Centro Xove da Almáiga**

20.00 h Funky Kongs (funk, jazz, groove)  
Un grupo de mozos galegos afincados en Santiago cuxa afección polos videoxogos e pola música converxeu nun proxecto con influencias do funk, o rock e o jazz que percorre a banda sonora da súa infancia.



- 21 h Boa Sunet (electrónica, chill, jazz)  
Banda orixinada en Santiago de Compostela, formada por Pablo Rodríguez (guitarra), Alejandro Neira (teclado e voz), Brais Quintá (baixo e voz) e Mercè Palacios (saxo).  
Traballan melodías que bailan entre o íntimo e o pop, ritmos que van do disco ao hip-hop e ritmos latinos, arranxos que combinan R&B e música urbana contemporánea, cun son fresco e interesante.
- Carpa Roxa
- De balde ata completar capacidade

- ★ **20.30 h. Actuación: Corentena: Perdomo e Touriñán en directo**  
 Durante os meses de confinamento en 2020, David Perdomo e Xosé A. Touriñán comezaron a conversar en directo a través de Instagram. Naquelas noites, improvisaban diferentes personaxes e interactuaban cos espectadores que se conectaban a estes vídeos en directo. Agora, e baixo o título de Corentena, dan o salto aos escenarios nun formato no que pretenden pasalo tan ben ou mellor que o público trasladando aos teatros a frescura daquelas noites de comedia.
  - Auditorio de Galicia
  - Máis info e entradas: [corentena.gal](http://corentena.gal)

## SÁBADO 16 ★ ★ ★ ★ ★ ★

- ★ **Desde as 11.00 h. Mercado da Estrela**  
 - Consulta programación na páxina 44
- ★ **De 10.30 a 12.00 h. Obradorio: Centros de mesa de Nadal**  
 - Público adulto  
 - CSC Lamascal  
 - De balde  
 - Máis info e inscrición no propio CSC
- ★ **De 11.00 a 13.30 h. Obradorio: Menú de Nadal**  
 - Público adulto  
 - CSC San Lourenzo  
 - De balde  
 - Máis info e inscrición no propio CSC
- ★ **De 11.00 a 11.45 h. A lenda da Apalpadora**  
★ Obradorio e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.  
 - Público familiar  
 - CSC As Cancelas  
 - De balde ata completar capacidade  
 - Máis info no propio CSC
- ★ **11.00 e 11.30 h. Visita guiada ao Belén participativo da igrexa de San Fiz**  
 Visitas comentadas para percorrer o belén que amosa os diferentes equipamentos socioculturais do concello.  
 - Para todos os públicos  
 - Igrexa de San Fiz  
 - De balde ata completar capacidade  
 - Entrada por orde de chegada 5 minutos antes da hora da visita no propio espazo
- ★ **De 11.30 a 12.45 h. Obradorio: Cociña infantil**  
 - Público infantil (maiores de 6 anos)  
 - CSC Conxo

- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

- ★ **De 11.30 a 14.30 h. Mercado de intercambio de xogos e xoguetes**  
 Un espazo de intercambio de libros, xogos e xoguetes que estean en bo estado, sen usar diñeiro.  
 - Público familiar  
 - Praza de Conxo

- ★ **De 12.00 a 13.30 h. Obradorio: Figuras de neve**  
 - Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)  
 - Espazo infantil do Mercado de Nadal  
 - De balde ata completar capacidade

- ★ **De 12.00 a 12.45 h. A lenda da Apalpadora**  
 Obradorio e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.  
 - Público familiar  
 - CSC Nemenzo  
 - De balde ata completar capacidade  
 - Máis info no propio CSC



- ★ **12.00 h. Na procura das estrelas do Nadal**  
 Estrelado é un trasgo que chega no Nadal para marcar o camiño da maxia do Nadal. A súa misión é moi importante: é o encargado de colocar as estrelas no ceo para que cheguen a destino. Este ano, perdeuse en Santiago de Compostela e non atopa os lugares onde ten que poñer as estrelas para que cheguen aquí, por iso necesita a axuda de familias que queiran botar unha man nunha xincana con probas tanto para a rapazada, coma para as persoas acompañantes, e que servirá para visitar lugares fermosos con historia nos que deixará unha estrela de nadal.  
 - Público familiar (cativada de máis de 5 anos)

- Saída do CSC Maruxa e Coralia
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**12.00 h. Actuación: A voar, de Cé Orquestra**  
Ao son do enerxético ritmo de Cé orquestra pantasma, A voar conta a historia da pequena Xoana quen, movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que a súa vida mudará, amosándonos que só a través do coñecemento dos valores universais seremos quen de a nosa vida mellorar.

- Todos os públicos
- CSC Nemenzo
- De balde
- Info de acceso no CSC

**12.30 h. Actuación: Hoxe si!, de Sempre Arriba**  
Un triángulo por espazo de xogo, obxectos que soben baixan e flotan no aire. Música, circo, un micro, ganas e moita actitude. Hoxe si! é unha invitación a xogar, a gozar, a soltarnos e desinhibirnos por un día, a vivir celebrando o momento presente. Porque a vida é agora. Un espectáculo en linguaxe clown con acrobacia aérea, e sobre todo moito humor.

- Todos os públicos
- CSC Conxo
- De balde
- Info de acceso no CSC



Sempre Arriba

**De 13.00 a 13.40 h. Gravación dos microeventos de Compostela Somos Cultura: Suelen Estar Quartet**  
Gravación de pequenas pezas para a nova edición da campaña *Compostela Somos Cultura*. Nesta ocasión Suelen Estar ofrécenos unha viaxe polo seu particular universo sonoro na librería Couceiro. Unha sesión en que levan ao límite as posibilidades tímbricas dos seus instrumentos para trasladarnos a

novos lugares musicais imaxinarios, a través de texturas e melodías tecidas no momento e inspiradas no que os rodea. Un convite para adentrarnos con eles no mundo da improvisación libre, a creación espontánea e a experimentación sonora e sensorial.

- Para todos os públicos
- Librería Couceiro
- De balde ata completar a capacidade reducida

**13.00 h. S\*n vermú: La Yuca Funk**  
Banda de funk de fusión cubano-galega fundada en 2022 por dous músicos cubanos e dous galegos, con extensa formación e traxectoria musical en diferentes proxectos da escena galega e estatal.

- Carpa Roxa
- De balde ata completar capacidade

**De 17.00 a 18.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal**

- Público adulto
- CSC Grixoa
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**17.00 h. Actuación: A Apalpadora, de Iseo a Moura**

A Apalpadora é unha muller namorada da montaña. Unha carboeira forte, acostumada a vivir soa e valerse por si mesma. Pero cada ano precisa atopar o camiño que une a montaña coa xente. É por iso que no Nadal baixa a agasallar cariño e caloríña en forma de castañas e carbón.

- Público infantil
- CSC Marantes
- De balde
- Info de acceso no CSC

**De 17:30 a 21.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**

- Público adulto
- CSC San Lourenzo
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 18.00 a 20.00 h. Obradoiro: Un reno divertido**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

**18.00 h. Actuación: O Apalpador, dos Monifates**  
Un peculiar carromato tirado por dous

músicos ambulantes que percorren vilas e pobos cunha importante misión, a de amosar a rica e variada música e instrumentación da cultura galega, nun formato distinto e orixinal.

- Público familiar
- CSC Amio
- De balde
- Info de acceso no CSC

**18.00 h. Actuación: A voar, de Cé Orquestra**

Ao son do enerxético ritmo de Cé orquestra pantasma, A Voar conta a historia da pequena Xoana quen, movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe que a súa vida mudará, amosándonos que só a través do coñecemento dos valores universais seremos quen de a nosa vida mellorar.

- Todos os públicos
- CSC Casa Agraria
- De balde
- Info de acceso no CSC



Cé Orquestra

**19.00 h. Actuación: Filipa cos contos de Nadal, de Bandullo azul**

Historias tradicionais, música e humor repártense entre os dous contadores que soben a escena: o actor Fran Campos e a súa amiga Filipa, que dará un valor engadido ás historias de carácter tradicional. Contos, historias cantadas, xogos de palabras feitas cancións non só da nosa contorna máis próximo, senón tamén doutras terras. Tanto nenas e nenos como maiores poderán gozar, aprender, reflexionar... desde as súas distintas visións dos contos populares.

- Público familiar
- CSC Grixoa
- De balde
- Info de acceso no CSC

**19.00 h. Encontros Troianos**

Celebración do 30 aniversario da inauguración da Casa da Troia

- Todos os públicos
- Teatro Principal
- Entrada con doazón voluntaria
- Retirada de convintes no Teatro Principal o propio día de 17.00 a 19.00 h

**De 19:30 a 21.30 h. XI Concerto Nadal Solidario**

As Corais Coto da Nai, La Salle e Coro Crecente ofrecen un concerto benéfico a favor da cociña económica e o albergue de San Francisco.

- Para todos os públicos
- Capela das Ánimas
- De balde con doazón voluntaria ata completar capacidade

**20.00 e 22.30 h. Actuación: Corentena: Perdomo e Touriñán en directo**

Durante os meses de confinamento en 2020, David Perdomo e Xosé A. Touriñán comezaron a conversar en directo a través de Instagram. Naquelas noites, improvisaban diferentes personaxes e interactuaban cos espectadores que se conectaban a estes vídeos en directo. Agora, e baixo o título de Corentena, dan o salto aos escenarios nun formato en que pretenden pasalo tan ben ou mellor que o público trasladando aos teatros a frescura daquelas noites de comedia.

- Auditorio de Galicia
- Máis info e entradas: [corentena.gal](http://corentena.gal)

**DOMINGO 17**

**Desde as 11.00 h. Mercado da Estrela**

- Consulta programación na páxina 44

**De 12.00 a 13.30 h. Obradoiro: Bonecos de neve ou Bólas de unicornio**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

**12.00 h. Actuación: Dende o talento, da Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela**

A Banda Municipal organiza o 2º Concurso de Dirección Xoán Montes, en que participan talentosas directoras e directores de toda a xeografía europea dirixindo un repertorio galego clásico e contemporáneo.

- Teatro Principal
- Máis info e entradas: [compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

**12.00 h. Actuación: O Apalpador, dos Monifates**

Un peculiar carromato tirado por dous músicos ambulantes que percorren vilas e pobos cunha importante misión, a de amosar a rica e variada música e instrumentación da cultura galega, nun formato distinto e orixinal.

- Público familiar
- CSC O Castiñeiríño
- De balde
- Info de acceso no CSC

**12.00 h. Actuación: Clownamorado, de Rudi Dudi**

Sobe o pano, comeza a función. Pero nada máis arrincar, o clown namórase tolamente dunha persoa do público. O seu corazón vai a mil, ponse tímido e nervioso e perde a concentración. O show cambalea e todo sae do revés, canto máis intenta impresionar a súa persoa namorada, máis aumenta o caos.

- Público familiar
- CSC Marrozos
- De balde
- Info de acceso no CSC



Rudi Dudi

**De 13.15 a 14.00 h. Visita da Apalpadora**  
Polo Nadal visitán diferentes personaxes, que a través de diferentes dinámicas achegan a un Nadal inclusivo onde teñen o seu oco todas as culturas.

- Público familiar
- CSC Marrozos
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

**De 17.15 a 18.00 h. Visita da Apalpadora**  
Polo Nadal visitán diferentes personaxes, que a través de diferentes dinámicas achegan

a un Nadal inclusivo onde teñen o seu oco todas as culturas.

- Público familiar
- CSC Verdía
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

**18.00 h. Actuación: Clownamorado, de Rudi Dudi**

Sobe o pano, comeza a función. Pero nada máis arrincar, o clown namórase tolamente dunha persoa do público. O seu corazón vai a mil, ponse tímido e nervioso e perde a concentración. O show cambalea e todo sae do revés, canto máis intenta impresionar ao/a seu/súa namorado/a, máis aumenta o caos.


- Público familiar
- CSC Verdía
- De balde
- Info de acceso no CSC

**De 18.00 a 20.00 h. Xogando co Nadal**

- Público infantil (menores de 4 anos co acompañamento dunha persoa adulta)
- Espazo infantil do Mercado de Nadal
- De balde ata completar capacidade

**19.30 h. Actuación: Coro da Ra, 30 aniversario**  
Celebración dos 30 anos desta emblemática formación. O seu repertorio musical vai do soul, ao blues, ao jazz, á samba e ata a música étnica.

- Todos os públicos
- Auditorio de Galicia
- Entradas: [ataquilla.com](http://ataquilla.com)



Dende o 1 de decembro, as rúas de Compostela énchense de luz. Á xa tradicional iluminación de Nadal engádense sete instalacións destacadas nesta proposta de percorrido.

**COMPOSTELA EN LUZ** convidanos a percorrer estes sete puntos e tirar unha foto en cada un destes espazos do noso concello, cheo de luz e de vida.

Nas prazas do Obradoiro, praza Roxa, Bonaival e Alameda atoparemos diferentes intervencións luminosas. Creacións feitas con motivo destas datas que representan aqueles elementos icónicos que non poden faltar no Nadal. E por suposto... moitas estrelas!!

## Praza da Quintana

A estrela de Compostela, representada case sempre como unha estrela de oito puntas, está presente no escudo da cidade, na fachada do Tesouro da Catedral, no cumio da Casa do Cabido, no remate da fonte dos Cabalos da praza das Pratarías, no escudo da Universidade de Santiago e, por extensión, no escudo dos abondosos edificios históricos dos que foi propietaria. E tamén, por suposto, no interior da catedral. Este Nadal a estrela ilumina a emblemática praza da

Quintana cunha instalación específica que resalta a extraordinaria beleza deste lugar.

## Instalacións Slowlight

«A Feira das Estrelas» no Mercado de Abastos e a «Vía Láctea» na Porta Faxeira son dúas novidades da luz deste Nadal en Compostela.

Experiencias luminosas inmersivas deseñadas por Coque Alcázar, creadas no marco da iluminación responsable e principios Slowlight, proporcionan unha atmosfera cálida e acolledora para o goce das persoas, convidando a mergullarse nun manto de estrelas e reflexionar sobre a importancia de protexer a nosa noite ou a propia vía láctea.

A estratexia que se emprega nestas obras aposta pola simplicidade luminosa e a ausencia de formas nítidas para xerar un volume difuso e líquido como valor engadido, subliñando a inmaterialidade da agrupación de estrelas no ceo nocturno. Mediante o uso de tecnoloxía luminosa —tipo de luz, potencia, intensidade, cor, efectos dinámicos— e a colocación dos diferentes puntos de luz co apoio dos propios espazos, xéranse sombras e contrastes, que adquiren especial protagonismo na escena nocturna.



**SEMANA 4**

**DO 18 AO 24  
DE DECEMBRO**





## LUNS 18

### De 12.00 a 13.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal

- Público adulto
- CSC Maruxa e Coralia
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 16.30 a 19.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC A Peregrina
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 17.00 a 18.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal

- Público adulto
- CSC Bornais
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.00 a 19.15 h. Obradoiro: Cociña infantil

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC O Ensanche
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 18.00 a 20.30 h. Obradoiro: Menú de Nadal

- Público adulto
- CSC A Gracia
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

- Público adulto
- CSC O Eixo
- De balde
- Info de acceso no CSC

### De 18.00 a 18.45 h. Visita da Paxe de Nadal Polo Nadal *visitán diferentes personaxes, que a través de diferentes dinámicas achegan a un Nadal inclusivo onde teñen o seu oco todas as culturas.*

- Público familiar
- Duración: 45 min
- CSC Vite
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

### De 18.00 a 18.45 h. A lenda da Apalpadora Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.

- Público familiar
- CSC A Peregrina
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

### De 19.00 a 21.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC A Lavacolla
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 20.00 a 22.30 h. Obradoiro: Coroas de Nadal

- Público adulto
- CSC Antón Fraguas
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

## MARTES 19

### De 17.30 a 18.45 h. Obradoiro: Cociña Infantil

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC de Maruxa e Coralia
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 17.30 a 20.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal

- Público adulto
- CSC Amio
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

### De 17:45 a 18.30 h. A lenda da Apalpadora Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.

- Público familiar
- CSC Bando



Avelino González

### 18.00 h. Actuación: Contos, de Avelino González

Actor, contador, monologuista, tradutor... Avelino González é o que faga falta. Empezou nisto por casualidade e agora gústalle incluso picar entradas. Gústalle entreter a xente con personaxes e historias que emocionen e divirtan porque a el tamén lle gusta que o emocionen e o divirtan.

- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

**De 18.00 a 20.30 h. Obradoiro: Coroas de Nadal**

- Público adulto
- CSC A Rocha
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 18.00 a 18.45 h. A lenda da Apalpadora**

Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.

- Público familiar
- CSC Marantes
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC



Tarabelos

**18.30 h. Actuación: Un Nadal cheo de contos, de Tarabelos**

O Nadal está cheo de contos, contos que viaxan nas nubes e no vento e chegan a nós arrastrados polas chuvas, neves, poalla, e as fortes tormentas do inverno. Veñen de cidades descoñecidas, países remotos, illas case desertas ... e enchen o Nadal de contos, e máis contos.

- Público infantil
- CSC Bando
- De balde
- Info de acceso no CSC

**De 19.00 a 20.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal**

- Público adulto
- CSC Figueiras
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 19.30 a 22.00 h. Obradoiro: Coroas de Nadal**

- Público adulto
- CSC O Romáño

- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 19.30 a 22.00 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**

- Público adulto
- CSC Santa Marta
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**MÉRCORES 20**

**De 16.30 a 18.00 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal**

- Público adulto
- CSC Busto
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 17.00 a 19.30 h. Obradoiro: Menú de Nadal**

- Público adulto
- CSC Cardeal Quiroga
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 17.00 a 19.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**

- Público adulto
- CSC Brañas de Andrés
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 18.00 a 18.45 h. A lenda da Apalpadora**

Obradoiro e contada para dar a coñecer a personaxe da Apalpadora.

- Público familiar
- CSC Villestro
- De balde ata completar capacidade
- Máis info no propio CSC

**De 18.30 a 19.45 h. Obradoiro: Cociña Infantil**

- Público infantil (maiores de 6 anos)
- CSC O Romáño
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 18.30 a 20.30 h. Obradoiro: Sombreiro divertidos**

- Público familiar
- CSC Villestro
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

**De 19.00 a 20.30 h. Obradoiro: Centros de mesa de Nadal coa AV Centro Aberto**

- Público adulto
- CSC Conxo
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 19.00 a 21.30 h. Obradoiro: Coroas de Nadal**

- Público adulto
- CSC Casa Agraria
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **De 19.00 a 21.30 h. Obradoiro: Bólas de Nadal**

- Público adulto
- CSC Figueiras
- De balde
- Máis info e inscrición no propio CSC

 **20.00 h. Actuación: Aniversario Himno Galego**

